






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Únha maneira de facer Europa"

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	6
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	6
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	7
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	11
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	14
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	15
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)	17
8.	ANEXO PLANOS	27



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

TRAZADO DO CAMIÑO



Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.

TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS



Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.

TRAZADO COMPLEMENTARIO




Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.




Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

O Camiño Inglés percorre de norte a sur, en paralelo á beira da ría, o municipio de Neda. Accede a el a través da ponte de Xuvia, punto estratéxico da ría, que foi ata o século XX o único punto de paso físico entre ambas as dúas marxes. Na cartografía histórica, Neda aparece sempre como cruzamento de camiños entre o camiño a Castela que pasa por As Pontes e Vilalba, e o camiño que cara ao sur se dirixe a Betanzos.

A orixe da vila de Neda tal vez se deba ao traslado da poboación castrexa do monte Ancos á ribeira. Neda foi un importante porto comercial que contou con estaleiro, amparado polos Foros de Neda, privilexio concedido por Afonso XI durante o século XIV.

A viaxe do Padre Sarmiento por Galicia en 1745 fai referencia ao ámbito xeográfico de Neda, a vila e ás súas parroquias, coa gran ría de Xuvia e a súa ponte. Mesmo menciona unha cita de 1015: "antiquan civitatem in cacumine montis Juviae".

En Neda achábase un dos hospitais de peregrinos do Camiño Inglés. Do hospital do "Sante Espyritus de Neda", consérvase o lintel da porta principal, repostado noutro de acceso á Casa Consistorial, inmediata á súa torre. Percorre o lintel unha inscrición na que pode lerse: "ESTE ESPYTAL DE SANTE ESPYRITUS FEZO PERO GARCIA E MARGARYDA FERNANDEZ ANO MD".

Dentro dos bens patrimoniais de Neda, destaca o cruceiro de San Nicolás, que conserva a imaxe tallada de finais do século XIV ou principios do XV, sendo un dos máis antigos de Galicia.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

A entrada no municipio de Neda realízase a través da Ponte de Xuvia pola que discorre a estrada AC-862. Inmediatamente despois, o trazado xira cara ao sur tomando a Rúa do Empedrón, onde ten o seu inicio o Paseo Marítimo de Neda. Proseguindo pola citada rúa, abandónase o paseo e comeza o ascenso que leva ata a estrada AC-115. A ruta prosegue polo devandito vial que forma unha travesía pola zona urbana de Neda. A ambos os dous lados da estrada levántanse edificacións residenciais, alternándose a arquitectura contemporánea con algunhas mostras de construción tradicional.

Durante un breve tramo discórrese en paralelo á travesía, utilizando o antigo Camiño Real. Nesta zona sitúanse algunhas construcións tradicionais fronte a un xardín lineal que as separa da estrada. Proseguindo pola travesía da AC-115, chégase á Igrexa de Santa María de Neda. O peregrino rodea o templo pasando fronte á súa fachada principal para cruzar a continuación por unha pasarela sobre o río Belelle. Tras cruzar o río, o trazado inténase no casco histórico de Neda entre notables exemplos de arquitectura tradicional.

O camiño xira pola rúa Paraíso que conflúe posteriormente na Rúa Real. Esta rúa empedrada é o principal vial da zona histórica de Neda e nela consérvanse algunhas mostras de arquitectura tradicional con soportais. Tras pasar xunto á Casa do Concello, lugar onde estivo situado o hospital de Sancti Espyritus, a ruta xacobeá percorre a totalidade da rúa Real para xirar cara ao sur pasando fronte á Reitoral de San Nicolás.

Abandonado xa o casco histórico de Neda, o trazado avanza pola rúa Xeneral Morgado e toma a rúa do Camiño do Regueiro ata chegar á estrada AC-115. Tras unha breve travesía pola devandita estrada, a ruta toma un vial veciñal que ascende ata pasar sobre a autoestrada AP-9 no lugar de Fábrica de Labora. Situado xa o peregrino a certa altura con respecto ao bordo da rúa, obtense unha ampla panorámica da rúa de Ferrol que acompaña ata chegar ao límite municipal con Fene. Uns metros antes deste linde, sae ao encontro do camiño a fonte-lavadoiro de Conces.

RAMAL DE SAN NICOLÁS:

O porto de Neda achega outro dos inicios da ruta de peregrinación a Santiago. Na ribeira de San Nicolás, onde diversas construcións de arquitectura tradicional forman a particular fachada marítimo de Neda, sitúase o peirao onde se amarran pequenas embarcacións.

A través da rúa do Castro, o peregrino pasa fronte á igrexa de San Nicolás, xunto á que se levanta un cruceiro. A rúa do Castro ofrece un desenvolvemento case rectilíneo. A ambos os dous lados sitúanse edificios de vivendas que maioritariamente dispoñen de planta baixa e planta alta. Consérvanse algúns exemplos de construción tradicional con muros de cachotaría, corredores de madeira e de forxa. A rúa do Castro presenta un firme embaladosado e a edificación compacta das vivendas conduce ata a rúa Real.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Neda. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO COMPLEMENTARIO



TRAZADO 1997



O trazado do Camiño que atravesa o Concello de Neda presenta lixeiras variacións, máis ben pequenos axustes, respecto ao trazado definido en 1997. O Camiño proposto recolle na medida do posible o trazado do Camiño Real de Ferrol a Betanzos.

TRAMO NO COTO



O trazado do ano 1997 discorre pola estrada AC-115 que substituíu ao antigo Camiño Real. Non obstante á altura de O Coto, a estrada foi rectificada deixando ao oeste un tramo de aproximadamente 200 metros do Camiño dando servizo ás edificacións que se atopaban á súa beira. O trazado proposto recolle este pequeno tramo de Camiño Real.

TRAMO SANTA MARÍA DE NEDA



Ao igual que no caso anterior o trazado do ano 1997 discorre pola estrada AC-115 que substituíu ao antigo Camiño Real. Non obstante o Camiño nesta zona pasaba por diante da portada da Igrexa de Santa María de Neda e internábase en San Nicolás de Neda cruzando a antiga ponte medieval, hoxe substituída por unha pasarela, a través da Praza do Mercado e a Rúa Real. O trazado proposto, recolle esta variación.

TRAMO SAN NICOLÁS DE NEDA



Tanto o trazado de 1997 como o proposto son practicamente coincidentes ao seu paso por Neda a excepción de dous puntos nos que se producen pequenas variacións. O trazado proposto discorre ao longo de todas a rúa Real ata a confluencia coa rúa do Castro para continuar cara a Santiago pola rúa do Xeneral Morgado. En cambio o trazado do ano 1997 non chega ata a rúa do Castro, senón que antes de rematar o seu periplo pola rúa Real xira na rúa de Curro para conectar coa rúa do Xeneral Morgado a través da rúa Sobre Vía, deixando de discorrer un tramo interesante pola rúa Real. O outro pequeno cambio prodúcese ao final da rúa do Xeneral Morgado, onde en lugar de continuar por esta para chegar á Avenida de Castelao, toma o Camiño do Regueiro directamente.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO


O trazado presenta tres tramos principais: O primeiro discorre fundamentalmente pola travesía da estrada AC-115 por Neda. Esta longa travesía encóntrase totalmente urbanizada, polo que en todo momento dispón de beirarrúas e cruces con pasos de peóns.

O segundo tramo inícialo o paso pola igrexa de Santa María de Neda. A partir deste punto comeza o tránsito polo casco histórico de Neda. As recentes obras de urbanización da rúa Real fan que o paso do peregrino resulte cómodo e agradable, xa que o pavimento está perfectamente embaldosado en toda a súa lonxitude.

O último tramo discorre por rúas, pistas e estradas asfaltadas. O casco histórico dá paso ás zonas de expansión urbana de Neda, por rúas con beirarrúas e pasos de peóns. A saída de Neda realízase cruzando a estrada AC-115 nas proximidades do enlace coa autoestrada AP-9, o que provoca que sexa un punto perigoso. O resto do camiño apóiase en pistas asfaltadas en bo estado de conservación, que discorren por un ámbito rural.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.


ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)





	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	2.1	45.9%	1.5%
	Mala	1.7	36.9%	1.2%
	Media	0.5	10.8%	0.4%
	Boa	0.3	6.5%	0.2%
	Moi boa	0.0	0.0%	0.0%
	Excelente	0.0	0.0%	0.0%
	Total xeral	4.6	100.0%	3.3%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



Conservación do Camiño		Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	3.6	76.5%	2.5%
	Regular	1.1	23.5%	0.8%
	Mala	0.0	0.0%	0.0%
Total xeral		4.6	100.0%	3.3%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito da delimitación no concello de Neda discorre de xeito case vertical polo oeste do mesmo, cun ámbito de sección variable, máis estreita na súa primeira parte, e que aumenta de sección a partir do núcleo de Neda. A dirección que leva é principalmente norte - sur, aínda que na súa zona central fai unha curva cara ao oeste na parroquia de Neda pola propia trama urbana do núcleo de Neda.

O ámbito abarca as parroquias de Santa María de Neda (Santa María) e a de Neda (San Nicolás), incluíndo nel os seguintes núcleos: A Corredoira da Pega, O Empedrón, O Carreiro, A Toeira, O Coto, As Augas, Santa María, Neda, Vilasuso, Costa do Murallón, A Fábrica de Labora, A Silva, O Puntal de Arriba e Conces.

O límite oeste do ámbito entra no concello de Neda no punto de desembocadura do río Grande de Xubia e inicio da ría de Ferrol. Percorre a liña de costa ata pasar a pasarela de Xuvia onde se desvía cara ao interior, xunto ao núcleo de O Empedrón, discorrendo en dirección sur polas traseiras das parcelas de vivendas que conforman a fachada do Camiño. Transcorre por A Toeira, O Couto, Ás Augas e Santa María e tras rodear polo oeste o cemiterio de Santa María de Neda, cruza o río Beelle e entra na parroquia de Neda (San Nicolás). Pasado o río comeza o desvío que realiza cara ao oeste, polo Camiño de Sobre Hortas, e igual que antes o fai polas traseiras das parcelas que dan ao Camiño. No seu extremo máis oeste, pola Rúa dá Ribeira San Nicolás, toca de novo a liña de costa, ao norte da Igrexa de San Nicolás, e xira 180º para descender de novo cara ao sueste cunha liña paralela ao Camiño. Unha vez alcanzada a autoestrada do Atlántico AP 9 pola avenida de Castela, bordéaa e crúzaa cara ao sur pola rúa do Médico Cebreiro, pasando por detrás das parcelas das primeiras vivendas edificadas, e volvendo a pé da rúa xunto a O Camiño dá Mercé. Discorre por ela cara ao sur ata que abandona o concello despois do núcleo de Conces.

O límite este do ámbito entra no concello polo sur da Fábrica de Xubia, e discorre cara ao sur pola rúa da Pega, en A corredoira da Pega, estreitándose máis na entrada ao núcleo. Unha vez nel, percorre a estrada de Castela cara ao sur, entrando cara ao interior das mazás de parcelas á altura da rúa Lugar de Portádeg. Continúa polo interior e entre parcelas residenciais nos núcleos de O Carreiro, O Couto e Ás Augas, ata chegar ao de Santa María para cruzar o río Beelle. É aí onde se desvía en forma curva cara ao oeste, seguindo a avenida de Santa María e de Algeciras, ata o núcleo de Neda. Aquí discorre tamén polo interior de mazás residenciais ou adaptándose á trama urbana do núcleo, ata volver dirección sueste cara a Vilasuso. En dirección sur deixa ao oeste as entradas dos túneles da autoestrada AP-9, continuando pola rúa Lugar de Costa Silva entre parcelas de bosque e cultivo, e de edificacións residenciais dispersas, para abandonar máis ao sur o concello, xunto ao núcleo de O Sarteiro.

6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO BIC

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Casa en Avenida de Alxeciras (1)	Avenida de Alxeciras, nº 40	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.199	4.816.949
Casa da Rúa Castro	Rúa do Castro, nº 1	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.053	4.816.992
Casa na Rúa Real (1)	Rúa Real, nº 10	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.313	4.817.113
Casa na Rúa Real (2)	Rúa Real, nº 66	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.146	4.816.976
Casa na Rúa Real (3)	Rúa Real, nº 82	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.108	4.816.978
Reitoral de San Nicolás	Praza da Reitoral	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.062	4.816.960
Casas acaroadas na rúa do Castro	Rúa do Castro	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.012	4.817.042
Casas acaroadas na Rúa Real	Rúa Real, nº 6, 8, 10, 12	Neda (San Nicolás)	Conxuntos de interese ou agrup de bens	568.168	4.816.986
Casas con soportais na Rúa Real	Neda	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.159	4.816.953
Cruceiro de San Nicolás	Neda	Neda (San Nicolás)	Elementos etnográficos	567.990	4.817.064
Fonte do Paraíso	O Paraíso	Neda (San Nicolás)	Elementos etnográficos	568.310	4.817.161
Fonte do Picho ou de San Nicolás	Neda	Neda (San Nicolás)	Elementos etnográficos	568.138	4.816.931
Fonte do Reloxo	Neda	Neda (San Nicolás)	Elementos etnográficos	568.266	4.817.016
Antigo Hospital Sancti Spiritus	Neda	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.285	4.817.035
Igrexa de San Nicolás de Neda	Neda	Neda (San Nicolás)	Arquitectura relixiosa	567.995	4.817.076
Casa con galería no Puntal de Arriba	Puntal de Arriba, nº 65	Santa María de Neda	Arquitectura civil	567.847	4.815.704
Casa con soportais no Paraíso	O Paraíso	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.473	4.817.316
Casa do Rexedor ou dos Riveiro	Avenida de Xubia, nº 2	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.759	4.818.770
Casa en Santa María (2)	Santa María, nº 45	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.443	4.817.362
Casa no Paraíso (1)	O Paraíso	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.487	4.817.281
Casa no Paraíso (2)	O Paraíso, nº 15	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.468	4.817.276
Casa en Santa María (3)	Santa María, nº 80	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.538	4.817.566
Reitoral de Santa María	Santa María, nº 42	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.511	4.817.383
Casas mariñeiras	Santa María	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.517	4.817.442
Casas na Toeira	A Toeira, nº 28, 30, 32	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.715	4.818.233
Cemiterio de Santa María	Santa María	Santa María de Neda	Elementos etnográficos	568.427	4.817.437
Cruceiro de Santa María	Santa María	Santa María de Neda	Elementos etnográficos	568.478	4.817.358
Fonte e Lavadoiro de Conces	Conces	Santa María de Neda	Elementos etnográficos	567.774	4.815.138
Igrexa de Santa María de Neda	Santa María	Santa María de Neda	Arquitectura relixiosa	568.477	4.817.384
Casas con galería en Santa María	Santa María	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.497	4.817.441



NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Mazá de casas en Xuvia	Avenida de Xuvia, nº 40, 42, 44, 46	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.778	4.818.674
Casas no Portádego	Portádego,	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.799	4.818.370
Ponte de Santa María	Santa María	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.501	4.817.351
Ponte do Xuvia	Xuvia	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.708	4.818.764
Ponte sobre o río Basteiro	Santa María - O Coto	Santa María de Neda	Arquitectura civil	568.520	4.817.575
Antiga Casa do Concello	Rúa do Castro, nº 10	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.086	4.817.002
Cruceiro do Paraíso	O Paraíso	Neda (San Nicolás)	Elementos etnográficos	568.224	4.816.293
Casa do Concello	Praza do Concello	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.291	4.817.034
Casa de Conchita	O Paraíso, nº 21	Neda (San Nicolás)	Arquitectura civil	568.265	4.816.998
Escudos da Praza do Concello	Praza do Concello	Neda (San Nicolás)	Varios	568.275	4.817.024
Hórreo en Silva (1)	Silva	Santa María de Neda	Elementos etnográficos	567.656	4.815.237
Hórreo en Silva (2)	Silva, nº 15	Santa María de Neda	Elementos etnográficos	567.957	4.815.504
Hórreo no Puntal de Arriba	Puntal de Arriba	Santa María de Neda	Elementos etnográficos	567.774	4.815.442
Torre do Reloxo. San Nicolás de Neda		Neda	Arquitectura civil	568.287	4.817.041

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092



093



094



095



096



097



098



099



100



101

SAN NICOLÁS DE NEDA



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011

8. ANEXO PLANOS